

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 19

SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 12 DE NOVEMBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.ª del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Silva Rego Mª Carmen, 1ª Tenente de Alcalde do grupo Socialista.

Mendez Fuentes Oriana, concelleira do grupo municipal Mixto.

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e dez minutos do día doce de novembro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. Jose Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días señoras/es concelleiros iniciamos Pleno en sesión extraordinaria e urxente, convocado para hoxe as 12,00 horas, constatamos que hai quórum e antes de nin tan sequera propoñer a ratificación da urxencia imos a gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas do COVID-19, nesta cidade, en Galicia e España, e tódolos que houbo neste planeta.

Permaneceremos sentados porque o enfoque das cámaras convén permanecer sentados, un minuto de silencio.

PRESIDENCIA: Proseguimos coa orde do día.

1(204).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e cinco membros (oito presenciais e dezasete por control remoto) da Corporación, que a constitúen de dereito e feito, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

2(205).- ANÁLISE DO IMPACTO DA PANDEMIA DA COVID 19 NA CIDADE DE VIGO.

PRESIDENCIA: Farei eu unha exposición inicial e daremos tempos aproximados de 10 minutos aos grupos e o tempo proporcional ao concelleiro non adscrito.

Debo dicir en primeiro lugar que o día 14 de marzo se decretaba un estado de Alarma, un importante estado de Alarma para atender a pandemia e aquela situación tremenda que se había declarado en España e no resto de tantos e tantos países deste planeta e naquel momento nós xa nos habíamos anticipado na toma de decisións na cidade e cunha decisión que marcou o inicio das actividades que foi suprimir a gala do deporte na cidade de Vigo. E a partir de aí tivemos que ir adoptando todo unha batería de actuacións en diferentes ámbitos para facerlle fronte aquel confinamento que aquel estado de Alarma decretaba no mes de marzo. Actuacións de diferentes ámbitos, unha primeira garantir o cumprimento do estado de Alarma e o confinamento, con mobilización da Policía Local e Protección Civil e con actuacións para manter as normas, distancias, etc., unha segunda acción que foi acompañar as actuacións no centro de traballo do Concello de Vigo en relación con aquela situación e a partir de aí todo unha batería de decisións de diferente ámbito, en tantos e tantos lugares, en primeiro lugar tomando decisións relativas á desinfección, actuación e reforzamento de ámbitos de limpeza, mobilización de voluntarios, actuacións proporcionando aparcadoiros no centro da cidade coa supresión, poño por caso de a XER e polo tanto, facilitando a forma de actuación dende o Concello a tanta xente que podería nese momento aparcarse sen necesidade de ter que pagar, puxemos en marcha o Plan de Emerxencias,

establecemos a comisión de seguimento do Covid-19 e a partir de aí comezamos da tomar tódalas decisións de ámbito social que foron tan importantes e que tomou en exclusiva o Concello de Vigo, como ben é coñecido e ben recordamos, dende a actuación para xente sen teito ata o reforzamento dos ámbitos de Política Social, atención social, propostas para persoas dependentes, atención á persoas vulnerables, actuación en axudas de gas, de electricidade, vivenda, pero ao mesmo tempo para positivos que non tivesen lugar onde estar acollidos, reforzamento dende a atención do albergue municipal e o albergue conveniado de tal modo que ninguén quedara na rúa en estado de confinamento polo que significada persoalmente para cada unha destas persoas e o que significaba para o conxunto da saúde e colectiva dende a cidade.

O dato significativo é que toda a atención social na cidade de Vigo correu a cargo do Concello, sen ningunha atención de ningunha outra institución de ningún outro rango, atendendo ás súas competencias e as súas obrigas nesta cidade. De tal modo que ao final miles e miles de persoas foron atendidas dende a política social do Concello en diferentes ámbitos, mobilización para atender a persoas de idade, reforzamento da dependencia, actuación en becas de comedor, repartindo a cada un das familias necesitadas, actuacións en diferentes programas sociais reforzados, comedores sociais, e servizo a domicilio de comidas sociais que naquel momento non podían establecerse nos propios comedores e así unha larga batería pero houbo que pechar algunhas actividades que xeraban necesidade de indemnización dende o Concello, neste momento a maior parte en tramitación pero que terán que ser afrontadas dende o ámbito público, dende os correspondentes orzamentos e poño por caso a propia XER que terá que ser indemnizada a empresa por o cese da súa actividade decretada polo Concello, mesmo algunhas actividad deportivas, mesmo a actuación dende o transporte público urbano e en consecuencia unha atención total dende a cidade e incluso en accións sanitarias e parasanitarias, iso orientou a primeira parte de actuación na primeira ola da pandemia.

Neste momento estamos pasando por unha segunda ola e quería iniciar esta intervención dándolle os datos a día de hoxe da situación sanitaria da área sanitaria de Vigo, para ratificar que nos últimos tres días estamos na cidade asistindo a unha diminución do número de activos positivos por 100.000 habitantes, en suma, isto é unha mensaxe de gran importancia para toda a

ciudadanía, para todos nós. Cando se compren as normas o virus baixa a súa capacidade de contaxio por as barreiras sociais e nós arrancábamnos dende o principio desta segunda oleada nunha situación de niveis dispositivos e de contaxios relativamente baixo, no último dato que teño aquí correspondente ao día 24 de setembro partíamos de 188 positivos por 100.000, a día de hoxe estamos en 369 pero onte estábamos en 383 e antonte en 381 e o día anterior a antonte en 395, polo tanto, dende hai 5 días a taxa de crecemento a 1ª derivada da curva está sendo decrecente e polo tanto, aínda que seguimos tendo número positivo de afectados o certo é que a curva comeza a ser dobregada, e isto é unha mensaxe para perseverar, para que sigamos perseverando na actividade e na acción social colectiva de respectar tódalas normas de autoridade sanitaria, neste caso Xunta de Galicia igual que antes fora o goberno de España e porque do cumprimento se deriva efectivamente o vencemento da taxa de crecemento activa tan importante da pandemia. Estes datos que estou dando son datos da área sanitaria, a Xunta de Galicia lle nega a esta cidade a información dos datos singulares da cidade, nos deron dous datos soltos, un en información verbal e outra nunha comunicación que hai tres días lle deron á cidade de Vigo, pero eu onte participei por primeira vez como presidente da FEMP na conferencia de saúde pública de España presidida polo Ministro de Sanidade e coa presenza de tódolos concelleiros e constatamos que a única comunidade autónoma con negación total de información é Galicia, tódalas demais comunidades autónomas, ben de forma directa, ben as grandes cidades, pero todas proporcionan información dos niveis de contaxio en cada unha das cidades, exactamente igual que Portugal, por citar un exemplo tan cercano, só a Xunta de Galicia nega a información da situación dos concellos de Galicia, e nós queremos esa información para utilizala na cooperación para apoiar a loita contra a pandemia, e mesmo onte o propuxen nesa conferencia de sanidade e fundamentalmente para poder actuar e nas grandes cidades necesitamos algo máis, necesitamos zonas e saber en que zonas hai máis actividade e niveis de contaxio, e para que? para reforzar a vixilancia neses lugares, en algúns centros e saber por onde se está a producir a maior deriva do contaxio, e quero singularizar que ao tempo que dende a Alcaldía propoño, non vou xamais a discutir unha decisión da autoridade sanitaria con respecto ás medidas, máis ben ao contrario, dareille sempre o noso apoio creo que é imprescindible para poder cooperar mellor

é ter a información ten que ser usada exactamente igual que no resto das cidades de España, non debería haber ningunha información superior en Madrid, Barcelona, Sevilla, Valladolid, Oviedo, Gijón, Cáceres, Badajoz que en Vigo, pois a hai, polo tanto, sego dende aquí instando á Xunta de Galicia a que nos facilite a información, hoxe volveremos a ter unha segunda reunión co conselleiro, alcaldes/as dunha parte da área sanitaria, Vigo e a súa contorna e volverei a solicitar esa información para poder cooperar, non ten outro obxectivo que unha mellor e máis eficaz cooperación.

O certo que dende que se inicia esta segunda ola estamos actuando como fixemos na primeira en tres ámbitos, primeiro, no ámbito de apoio en cumprimento de tódalas medidas que decreta a Xunta de Galicia, as medidas de distancia, as medidas de peche de locais e neste caso e coa hostalería pechada, e en niveis de desinfección, en permanecer en actuación e dende a vixilancia da Policía Local coordinada co resto dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Quero reiterar de novo que eu tomei a decisión de que o Concello de Vigo tramite as sancións por incumprimento das normas da Xunta de Galicia, onte volví a reclamar que sería moi conveniente que tivéramos unha boa base xurídica porque non sería bo para manter a disciplina en sectores que só entenden de coacción, porque non cooperan de forma voluntaria e non sería bo que houbera anulación de sancións, porque a base xurídica que temos parece ser unha base por agora endeble, noutras comunidades o asumiu a comunidade autónoma, a min me parece adecuado que o fagamos dende os concellos e dende logo o de Vigo está neste momento tramitando esas denuncias pero sería conveniente un reforzamento das bases xurídicas para levalo adiante.

Bueno, a atención adicional volve a ser o núcleo central en política social exactamente igual que sucedeu na primeira onda da pandemia, e sucederá está a suceder na segunda, non hai límite orzamentario para a atención de política social na cidade de Vigo, non haberá nin unha soa demanda que propoña dende ningún lugar para ámbitos sociais que non teña resposta dende o Concello de Vigo.

Primeiro o que fixemos foi atender a xente sen teito, mesmo a unhas persoas que estaban ocupando un edificio na Gran Vía e que ó ser desaloxadas quedaron sen acollemento, estamos proporcionando hostais na cidade, aos que teñen recursos cooperan cunha parte dos seus recursos e os que non teñen lle facemos o pago

completo do seu aloxamento, neste momento hai 18 persoas realoxadas en hostais da cidade a parte do albergue da cidade ocupado na súa totalidade, e a parte do albergue conveniado en Teis que tamén está no tope da súa actividade, e polo tanto, todas aquelas demandas que se necesitan para este sector tan vulnerable serán atendidos igual que fixemos na primeira onda, e debo dicir que temos preparado un pavillón por si fora necesario pero non é o caso porque os confinamentos nocturnos e a limitación de mobilidade nocturna non fai aconsellable por agora, e tampouco é necesario por agora abrilo pero se nalgún momento a situación o demandase, temos preparado un pavillón para ser utilizado. Debo dicir ademais que xa puxemos a disposición das autoridades sanitarias un centro de atención de positivos que non necesiten de hospitalización e polo tanto, para baleirar o hospital de positivos que non requiren necesariamente distancia nese hospital, seguimos coas axudas de emerxencia xa con tres reunións á semana e seguiremos incrementando a medida que se necesitan para atender, só nestas semanas superamos os 40.000 euros de atención por axudas de emerxencia e quero chamar a atención sobre isto, que as axudas de emerxencia son a gran medida para paliar as necesidades, por agora non é preciso facer unha implementación distinta de becas de comedor porque a maioría dos comedores, aínda parece que queda algún por abrir, por desentendemento da Xunta de Galicia das condicións que FOAMPAS pedía para a súa apertura, pero se houbera algún dato adicional, entraríamos nesa vía. En todo caso, polo tanto, seguimos atendendo todas esas facetas de política social, pero estamos cunha atención especial e cun programa especial de cuidadores de barrios agora dispoñibles, que xa fan unha parte da atención e de cercanía para a xente que o poida necesitar en dificultades coa súa propia capacidade de moverse, é dicir, fixemos unha chamada de atención á Xunta de Galicia para que o SERGAS se coordinase co servizos sociais do Concello para calquera necesidade que apareza inmediatamente poida ser atendida dende aquí, e temos un servizo de atención social 24 horas ao día, teléfono continuado durante as horas de traballo habituais á propia atención presencial, pero o resto sempre permanentemente un teléfono de referencia dende o que sempre unha asistente social estará dispoñible para atender calquera necesidade que se lle poda propoñer aos corpos e forzas de seguridade Policía Local, Policía Nacional e Autonómica ou mesmo Guardia Civil para con ese teléfono ter inmediatamente a

capacidade de ser respostados dende o ámbito social. Estamos facendo un reforzamento no servizo de atención domiciliaria a efectos de previr e de atender ás persoas máis maiores, temos unha gran preocupación nesta liña porque no mes de novembro o día 31, 140 persoas que están sendo atendidas dende ese servizo deixarán de ter a prestación porque a Xunta de Galicia lles mandadou e decidiu que se quedaban sen esa prestación, se a Xunta de Galicia non os atende, atenderemos, se a Xunta de Galicia non financia, financiaremos nós a totalidade pero seguiremos reforzando estas facetas no ámbito social.

Debo dicir que seguimos dando toda a atención aos comedores sociais de Vigo, a súa fonte principal de financiamento é o Concello, son as atencións do Concello, estamos incrementando de forma singular axudas a tantos comedores sociais da cidade e polo tanto, temos en acción operativa tódolos servizos sociais.

Debo dicir, ao modo de apostilla pero sen que isto sexa relevante porque imos a facer igual que todos aqueles encargos que a Xunta de Galicia nos fixo na primeira pandemia, non abonou a este Concello ningún, estamos funcionando exclusivamente cos recursos propios pero a Xunta de Galicia na primeira onda da pandemia recibiu 23 millóns de euros, dos que Vigo non recibiu nin un céntimo, debo dicir por exemplo, par ilustrar, para dar información, os concellos de Andalucía si, recibiron unha cantidade dos recursos que o goberno de España puxo a disposición da comunidade autónoma.

Bueno, seguimos moi atentos á educación, montamos servizos de atención de entrada e saída e reforzados e ímolos reforzar máis porque os momentos de entrada e saída dos colexios son momentos dunha certa aglomeración e polo tanto, para manter as distancias estamos proporcionando medios aos colexios para facer o illamento dos grupos de nenos/as de clases distintas, das aulas distintas para que nos tempos libres non se mesturen e non estean xuntos sen separación, estamos preparados para achegar medios telemáticos se fose o caso e se necesitasen, saben vostedes que puxemos a disposición de colexios da cidade 600 ordenadores, dos cales unha parte importante foron ordenadores novos comprados polo Concello porque había un nivel de carencia telemática de familias máis humildes ou mesmo familias con moitos membros, clase media acomodada con moitos membros que non dispoñían de suficientes ordenadores e medios telemáticos e mesmo das conexións de wifi para esta actuación, e seguimos cunha enorme preocupación o

tema dos comedores, en continuo contacto con FOAMPAS e a desavenencia e o desacordo de FOAMPAS coa Xunta de Galicia, considero que FOAMPAS tiña toda a razón e finalmente se resolveu, quero lembrar que nesta cidade mantemos todo o nivel de becas de comedor cunha premisa substancial e importante, ningún neno/a de Vigo que teña dereito ás axudas de comedor, ás becas de comedor, se quedará sen ela, e debo dicir que cando eu cheguei a esta Concello, etapa precrise, había unha longa lista de espera de nenas/os que non percibían as becas de comedor. Polo tanto, permanecemos moi atentos a todo o que poda suceder nos ámbitos docentes.

Estamos neste momento nun proceso de atención á hostalería, nun momento de peche da hostalería, debo dicir por dar datos e recordar que dende que son Alcalde en taxas de terraza a hostalería recibiu preto de 30 millóns de euros en exencións taxa cero a terrazas cando en ningún sitio de España o practicaban, nós xa establecimos porque nos parecía que aquela crise que se desatou no ano 2009 necesitaba de esa actuación e a partir de aí xa a mantivemos pero ademais fixemos unha aposta decidida por atraer xente á cidade e xente que viñera a Vigo que utilizar a hostalería, e mercara no pequeno e mediano comercio por certo, cun éxito destacable nesta grande mobilización, cunha practicamente menor e mobilización de recursos para atraer persoas a Vigo conseguimos no último Nadal que 4 millóns de teléfonos transitaran en torno ao árbore de Nadal, 4 millóns de persoas e polo tanto, seguiremos nesa liña este Nadal vai a ser substancialmente distintas como todos sabemos, pero é certo que tódalas cidades de España están intentando facer o mesmo que Vigo neste momento, podemos dicir cales son e de que forma, Madrid, Barcelona, Sevilla, Valencia, Valladolid e podería así seguindo citando ata Porto do Son, que cando saía o outro día a volta ciclista de alí, eu miraba que tiñan as luces colgadas e polo tanto, o que é natural a verdade? Producir este efecto de mobilización tamén, de ilusión por unha banda das nenas/os de forma importante pero da cidade, e mobilización do propio ámbito interno de demanda, para poder facer o seus gastos e as súas compras. En todo caso, esa actuación será Covid-19 100% segura e niso estamos e xa cancelamos co aforro conseguinte tantas e tantas actuacións que neste momento non se poden celebrar, pero exactamente igual que fixemos na primeira pandemia e ademais de todas estas axudas decretamos que os locais no tempo que estean pechados non

pagarán taxa de lixo, nin pagarán vados comerciais, no caso de que o teñan e o Concello se fará cargo da súa conta de agua en cidade. Se nós buscásemos formas cuantitativas de medir isto, neste momento a hostalería de Vigo está a percibir en torno a 5 millóns de euros do Concello de Vigo, pero convén ter información e convén manexar os elementos centrais que regulan a arquitectura constitucional deste estado, e unha parte clave da arquitectura constitucional deste estado é isto, o Estatuto de Autonomía, de Galicia nos seus artigos 27, 30.1.2 e 30.1.4 establece que a comunidade autónoma ten competencia exclusiva no ámbito de comercio e turismo da hostalería, exclusiva, non é compartida nin hai desenvolvemento por parte dos concellos, a arquitectura constitucional e o propio Estatuto de Galicia, establecen de quen é a competencia de actuar nestes casos, e teño que mostrar a miña preocupación porque a cidade de Vigo se chega ata aí, recibirá en torno a 800.000 euros para a súa hostalería da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia recibiu do goberno de España para actuar nesta andanada desta crise 750 millóns de euros, repito, 750 millóns de euros, na primeira quenda recibira para Política Social 23 millóns de euros, agora o volume global vai a ser 750 millóns de euros, deses 750 millóns lamentablemente a hostalería de Vigo que pechou a norma sanitaria e que eu respaldo, vanlle adicar, se chega o caso, 800.000 euros porque aínda non chegou o caso, neste momento os únicos recursos que reciben a hostalería de Galicia proveñen do Concello de Vigo, non proveñen de ningunha outra institución, e aí seguiremos, porque ao carón diso cumpre dicir que están as bonificacións de diferentes impostos que totalizan cantidades singularmente notables, e adicionalmente o Concello de Vigo, e xa entrando no ámbito máis económico, se vai a ter que facer cargo da indemnización de transporte, indemnización de concesións que foron pechadas pola autoridade sanitaria en diferentes momentos ou minoración de persoas que asisten, ou mesmo da XER no seu momento, se é que ao Concello de Vigo, discutiremos as cifras verdade, lle vai a significar unha indemnización moi notable, non quero dar unha cifra porque calquera cifra que eu de nesa dirección vai a ser usada pola empresa, pero só a indemnización da XER significarán cifras notables, déixeme que faga un pequeno parénteses, porque mentres no confinamento nós eliminábamos a XER de toda a cidade, a Xunta de Galicia seguía cobrando os aparcadoiros do hospital Álvaro Cunqueiro onde ía a xente que tiña coronavirus, os que os levaban tiñan que aparcar nun aparcamento

que cobraban nun hospital pero podían aparcarse libremente en toda a cidade nos aparcamentos da XER da cidade costeados polo Concello, son as diferentes formas de entender as actividades, por iso hai unha ausencia total de actuación da Xunta de Galicia nesta cidade, pero fixemos máis porque non demos por perdido o verán e montamos un dispositivo que permitiu que a hostalería no verán cos dispositivos de praias, coas actuacións, con recuperación dunha forma distinta de facer festas, tivera un nivel importante de utilización pero ao mesmo tempo fomos capaces de mobilizar unha parte importante da cultura da cidade, en bandas de músicas, orquestras sinfónicas, corais e grupos de música moderna, de grupos de música folk, todos no novo Vigo en Festas que fixemos, cancelando os anteriores concertos, pospoñendoos para o momento no que se poidan celebrar pero foi unha actuación masiva, con centos e centos de concertos que significaron mobilización e recursos para estas actividades.

O resto das cuestións neste momento está pechado Vigo Zoo e polo tanto, faremos todas aquelas actuacións que marque e que ordene a Xunta de Galicia, pechado Vigo Zoo como todos sabemos custará recursos ao Concello de Vigo, exactamente igual que as actuacións que levamos facendo nas diferentes concellerías, nos últimos días repartimos 75.000 mascarillas que recibimos do goberno de España e convén dicir, cando se reparte algo que chega dun goberno, convén dicir de que lugar ven para que a cidadanía o saiba e seguiremos atendendo a xente que máis o necesite.

Debo dicir que xa estamos en desinfección masiva de lugares sensibles da cidade dende o momento dende que comezou a segunda onda da pandemia, pero ó mesmo tempo estamos nun proceso de atención ao mundo da cultura e algunhas cuestións sobre isto quero subliñar primeiro, convén con tódalas garantías COVID-19, pero convén que o mundo da cultura, os museos, o propio auditorio do Concello permanezan utilizables, a cultura non pode desaparecer iso significa sen ningunha dúbida, significa recursos que hai adicarlle porque cando o lugar do Concello abre cunha taxa de ocupación que está en torno ao 25% da súa ocupación posible e singularmente por debaixo do que marcan as normas da autoridade sanitaria o Concello de Vigo ten un custe que facemos fronte pero que forma parte deste mecanismo de actuación, temos preparado o sistema de voluntariado por fixera falla como na vez anterior, por agora na medida en que hai mobilidade diúrna e

desexemos que sexa así, non é preciso pero estamos mantendo nos orzamentos deste ano e seguiremos o que ven todo o nivel de subvencións a mundos tan importantes como o mundo da cultura, o mundo da participación cidadá e o mundo do deporte. Non porque non haxa actividade deixaremos de producir o mesmo apoio que dábamos noutros momentos, e se cadra máis porque estamos nun momento tan importante en España e en Europa, Plan de resiliencia e recuperación, este Plan de recuperación, de transformación e de resiliencia do goberno de España vai ordenar unha parte importante da actividade inversora e ocupacional do conxunto do país, a traves de 10 políticas tractores baseados nas seis iniciativas da Comisión Europea e nesa liña nos incardinamos, primeiro, dende un orzamento que dará cumprido ao cometido a tódolos gastos de ámbito corrente capítulos I, II, III, IV e os capítulos sociais pero é imprescindible un reforzamento do investimento, é imprescindible reactivar a economía, é imprescindible que o programa Next Generation o opere na súa totalidade, pero hai que ir máis alá, efectivamente imos facer unha mobilización de 1.000 millóns de euros nesta cidade, iso se consegue a través de mobilización masiva de remanentes, o máis importante dos remanentes é telos, o máis importante e ter xestionado ben e telos porque os que non os teñen non os poden usar, e eu miro para tantos concellos deste país que están preocupados por non teñen capacidade de investimento, miro para tantos e grandes concellos deste país que están enormemente preocupados porque non teñen capacidade inversora, Vigo si, Vigo si porque fomos dilixentes, e unha parte importante do aforro é eliminar gastos indebidos, que os hai, que moitas veces os hai e polo tanto, ser capaces de manter un nivel de aforro singular para poder ser utilizado, eu lle quero recoñecer ao goberno de España que por primeira en vez dende o ano 2012 nos permita utilizar os aforros dos concellos, decisión única do goberno de España, tomada polo goberno de España, lle quero lembrar que o goberno presidido por alguén preto a aquí, o Sr. Rajoy de Pontevedra nos mantivo cos remanentes presos, confinados e metidos en bancos pagándolle nós aos bancos por telos alí ano 2012, 2013, 2014, 2015, 2016 hasta que se foron, e a partir de aí se negaron á reforma, pero todos lembramos á voceira orzamentaria do grupo popular en España protestar, incluso dende a tarima do Parlamento porque o goberno de España liberalizaba e permitía que os concellos gastásemos os remanentes, e con expresións, dicindo que éramos manirosos, gastadores,

ineficaces, que me lembraba ao discurso do goberno do Sr. Rajoy a través do Sr. Montoro cando pretendeu culpar aos concellos e singularmente aos pequenos concellos da crise económica neste país, a pequenos concellos que son uns heroes e unhas heroínas, os seus alcaldes/as porque sen remuneración e sen recursos manteñen os seus municipios e polo tanto a nosa satisfacción por isto, é certo que o goberno de España lanzou un primeiro proxecto que é, para unha cidade como Vigo era incluso mellor que isto, para unha cidade como Vigo aquilo que ía significar que teríamos a fondo perdido 50 millóns de euros e despois tódolos remanentes era mellor que esta nova situación pero isto é unha boa situación, era o que pedíamos nos documentos da FEMP e polo tanto, se trata de ser utilizados, en que? Mobilización da economía, e quen mobiliza a economía por enriba de todo? O investimento, quen mobiliza por enriba de todo? A capacidade de xeración de emprego dos plans, o keynesianismo de mobilización de recursos, agora todo o mundo é keynesiano, pero nos xa éramos antes, xa levabamos moito tempo facendo isto porque detrás de cada investimento hai emprego, emprego e detrás de mobilizacións masivas de recursos hai milleiros de empregos e milleiros de empregos e consumo e o consumo é actividade económica e milleiros de empregos é facer compras, iso é a actividade económica e milleiros de empregos é ir ao hostalería e iso é actividade económica porque o mellor para a hostalería é xerar actividade, é traer xente a Vigo tan pronto a pandemia se resolva o que fixemos no Nadal anterior e nas outras e nas outras ou nas festas de Vigo ou no Marisquiño ou na Reconquista é xerar actividade, iso é o que é conveniente é bo pero para iso hai que ter recursos e sabelo facer e nós o imos a facer, pero ademais debo dicir, este é o proxecto Europa eh! O que Europa está a propoñer, lémbrense todos vostedes, é un plan de investimento masivo, plan de inversión, 72.000 millóns de euros a fondo perdido para investimentos, só para investimentos, e co plan de reactivación é investimento e é o que Europa está a mobilizar neste momento e como Europa por diante Vigo, primeiro cunha mobilización de 35 millóns de remanentes para xerar emprego en actividade que ademais queda porque esa activade queda para o futuro e a actividade para o futuro e unha cidade habitable e unha cidade verde, e unha cidade con mecanismos de acción vertical e un Vigo Vertical, e unha cidade con rúas peonalizadas ou semipeonalizadas e anchas, é o futuro verde, iso é o que Europa está a propoñer porque se vostedes ven os puntos de actuación de Europa

todos teñen que ver con isto e os puntos de actuación do mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia teñen que ver con isto, e xa había, pero xa lles adianto non hai só os 35 millóns que xa investimos porque tíñamos eses investimentos preparados, e que ademais está o rozamento que discutiremos e aprobaremos en breve, pero ademais haberá ás achegas da Deputación ao Concello de Vigo que aprobaremos en breve tan pronto a Deputación aprrobe o seu orzamento, pero ademais hai o resto dos remanentes que utilizaremos pero ademais hai o Plan de Investimento Europeo, no que Vigo vai a estar, e que claro que imos a facer unha mobilización masiva de recursos para que? Para xerar emprego, e que miren, os factores multiplicadores en investimentos locais que son os máis elevados poden estar en torno a 3 se non somos capaces de mobilizar dende os recursos do Concello, dende os remanentes, dende a Deputación, dende a propia Zona Franca e doutros recursos europeos aos que xa lle adianto que Vigo vai a optar, Vigo a optar e vai a optar de forma importante, estamos falando dunha mobilización total que vai a superar como multiplicador o 600 millóns de euros, só da nosa actuación directa, e eses son miles e miles de empregos e déixeme que llo lembre porque ás veces parecen esquecerse, cada emprego é unha actuación social menor, cada persoa que se emprega deixa de recibir axudas sociais e ten dignidade, ten dignidade tamén cando recibiu axudas sociais pero dignidade tamén cando ten o seu emprego, e isto é tan importante, esta é a forma de actuar, algúns aínda non entenderon e permanecen nas vellas teorías liberais que a forma é a través do investimento público, eu lémbrome cando me reunín con sindicatos ao principio da actuación e me encareceron e me seguen encarecendo investimento público porque son conscientes da importancia do investimento público para atender á xente, para xerar emprego e exactamente igual de digno é ter apoio social que ter emprego e a nosa vía vai polo emprego pero tamén pola axuda social porque novamente temos un orzamento moi saneado, e afortunadamente non temos ningunha limitación de utilización dos recursos no ámbito social, todas aquelas axudas que se necesiten no que queda de ano e no ano que ven, van a ser atendidas a través dun mecanismo que son “axudas de emerxencia”, que por certo, deíxeme que llo diga, máis eficaces que as convocatorias públicas, porque axudas de emerxencia van aparecendo cando se necesitan, e as axudas públicas saen e ata o ano seguinte non volver a saír, as que saen por concurso verdade e

polo tanto, esta forma tan interesante pero lle teño que dicir que continuaremos eu lles podería a vostedes adiantar en que imos a seguir utilizando recursos pero o faremos dentro das modificacións e os engadidos orzamentarios que imos a facer. Nós temos neste momento en marcha ou aprobados 97 millóns e medio de euros de investimento nesta cidade, e saben que significa iso? Miles de empregos, non calquera cousa, miles de empregos e cada vez que alguén queira dicir algunha cuestión relativo a ámbitos, que se lembre da Constitución porque está aí para lembrarse dela, polo tanto, 97 millóns e medio de euros en máis de 150 actuacións na cidade, repartidos por toda a cidade e polo tanto, de atención e de permanencia en toda a cidade.

Eu lles podería ensinar as listas, todo isto que estou pasando e estas páxinas son tódalas actuacións de investimento e cada unha delas con vinte, trinta e corenta empregos que facemos e que están previstas para seguir facendo pero quero lembrarilles que dende o orzamento ordinario do Concello, atendemos a un albergue competencia da Xunta de Galicia que costea o Concello, apoiamos comedores sociais competencia da Xunta de Galicia, faino o Concello, seguimos coa dependencia onde a Xunta de Galicia non quere pagar o incremento que houbo nesa dependencia, seguimos dando becas de comedor competencia da Xunta de Galicia pero dáas o Concello, temos unha tarxeta de alimentos, temos un dispositivo preparado de forma continuada para persoas sen fogar, competencia da Xunta de Galicia pero faino o Concello, temos o centro de atención social continuada, temos ás axudas de emerxencia sen ningún límite e tan pronto sexa preciso cunha asignación diaria de tal modo que alguén acude e ao día seguinte ten axuda a súa disposición e estamos coa atención a soidade, persoas maiores, competencia da Xunta de Galicia e o facemos nós, estamos e ampliamos a teleasistencia, competencia da Xunta de Galicia e o facemos nós, axudas seguimos dando a traves de axudas de emerxencia para agua, luz e vivenda, reordenamos aos coidadores de barrio para que teñan unha actuación fundamentalmente social, pagamos o 65% de CEDRO competencias exclusivas da Xunta de Galicia porque é a atención sanitaria e temos en marcha un centro de positivos para persoas sen fogar, obrigación da Xunta de Galicia costeadado dende o Concello de Vigo, estamos con e segue vixente a tarxeta da dignidade mediante a cal tantas e tantas persoas desta cidade reciben apoio do Concello, seguimos pagando centros de día da Xunta

de Galicia que nos obrigan a pagar o 30% ao Concello de Vigo a través dunha lei de matonismo político que nos obriga, seguimos pagando escolas infantís da Xunta de Galicia a través doutra lei que nos obriga sendo competencia deles, mantemos a nosas escolas infantís e imos a sumar unha máis en breve e xa nos orzamentos do próximo ano vai o financiamento que teñen un nivel de subvención promedio do 82%, o prezo de utilizar unha escola infantil en Vigo para os poucos que o pagan porque teñen recursos para podelo pagar e á metade que as escolas infantís da Xunta de Galicia, a metade, e seguimos dicindo que parece razoable que fixeran o mesmo que nós, pero mantemos polo tanto, 23 millóns de euros de atención en política social que poden ser extensibles para todo aquilo que sexa preciso sen ningún límite, e cada vez que falen de cidade facendo política social, lles encarecería que viran a liquidación, que miraran as liquidacións dos orzamentos, non vaia ser como sucedeu nun gran cidade de Galicia que houbo quen orzamentou millón e medio de euros de axudas, boa medida, e non gastaron nin un céntimo. Por iso nós imos a seguir atendendo todo o que sexa preciso da pandemia pero ademais debo dicirlle que a voz de Vigo a través da FEMP e se escoita nas reunións de presidentes de comunidades autónomas de goberno e presidenta da Comisión Europea para propoñer todas estas cuestións de forma global de concellos pero que estou contando aquí pero mesmo para levar adiante o proceso que levaremos mañá na FEMP, propoñéndolle ao goberno de España que ten que adicar 3.000 millóns de euros aos concellos, a repartir por poboación, solicitando un fondo de transporte para os concellos, en función das necesidades de transporte público, para plantear un incremento das entregas a conta, para propoñer a liquidación do ano 2018, e ao tempo tamén propoñeremos que nos procesos de fondos europeos para os plans de recuperación e resiliencia europeos, os concellos e polo tanto, Vigo, queremos estar e imos a estar. Moitas grazas

A partir de aí iniciamos ronda de intervencións, calculen en torno a 10 minutos folgadoamente contados, e o concelleiro non adscritos 5 minutos folgadoamente contados.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu si que lle vou pedir Alcalde, pola importancia do tema e despois da súa intervención demorada de algo máis de 45 minutos que haxa unha

xestión xenerosa dos tempos de intervención, vou intentar ser breve pero supoño que me vou alargar algo máis desa cuestión, se mo permite.

No último Pleno ordinario o grupo municipal Socialista votou en contra dunha moción do BNG que traíamos con medidas urxentes para facermos fronte á segunda vaga da COVID-19 que se está a librar con especial virulencia na nosa cidade e na área sanitaria, impediron tamén cos seus votos o debate dunha moción de urxencia do Partido Popular e aplaudiron que é o grupo municipal de Marea de Vigo retirase a súa, todo coa escusa de que se ía celebrar este Pleno extraordinario monográfico, un pleno que vostedes convocan despois de remonolear uns cantos días e que convocan cun formato deliberativo, sen ningunha proposta concreta e sen ningunha posibilidade de adoptar ningún acordo, queremos facelos en todo caso constar

Dito isto o BNG dende o inicio desta pandemia, dende unha disposición á cooperación leal, á cooperación construtiva, recoñecemos daquela e seguimos recoñecendo o esforzo realizado polo concello fronte a esta pandemia, en todo caso o que nos separa Alcalde é que nós dicimos que podemos e que temos que facer máis. Da mesma maneira temos que subliñar que é indiscutible para esta cidade a nefasta xestión da Xunta de Galicia que probablemente iso vai a ter a desculpa neste Pleno do Partido Popular defendendo mais unha vez o indefendible, unha Xunta de Galicia que minte deliberadamente cos rastrexadores que se nega a reforzar con máis medios a unha sanidade pública nunha situación límite, que segue ollando para outro lado diante da situación tremenda que se vive nas residencias de maiores, que volven ser outra vez a zona cero da pandemia, que se nega a ofrecer datos, a transparentar os datos por concellos e que mesmo parece que están dando indicacións para unicamente dobrear a curva pola vía estatística, reducindo a practica das probas PCR.

Sr. Alcalde xa sabemos o que se pode esperar deste goberno galego do Sr. Feijóo, estou seguro de que vostede tamén o sabe e que o saben as viguesas/es, a pregunta é outra, a pregunta é que imos facer dende o Concello de Vigo para enfrontar esta grave situación toda vez sabemos que non contamos, nin imos contar coa abrigo nin co exercicio competencial por parte da Xunta de Galicia. Esta é a pregunta que se fan as 22.963 persoas que hoxe están no paro na nosa cidade, que se fan as persoas que perderon algúns dos 2.000 postos de traballo menos que

hoxe hai en Vigo en relación ao mesmo trimestre do 2019, que se fan as millares de traballadores/es que viven na incerteza do ERTes, os centos e centos de empresas de comercios e establecementos da hostalería que viven baixo a ameaza real das súa desaparición, unha desaparición que as obras nas rúas non van evitar.

Que se fan tamén moitas familias que afrontan ao risco real de exclusión social e que están atravesando momentos límites. Nin aos parados nin as familias, nin as empresas lles preocupan, nin o traslado do dinoseto á Alameda, nin as luces do Nadal, por iso nós o que lle dicimos é que esta resposta, a resposta que dende o Bloque Nacionalista Galego damos a esta pregunta de que hai que facer? É que temos que facer todo, absolutamente todo o que estea na nosa man, que do que se trata é de mobilizar tódolos recursos, tódolos medios, tódalas capacidades das que dispón o concello para combatermos coa maior robustez os efectos graves sociais, laborais, e económicos desta pandemia, non é un debate sobre competencias Alcalde, non é esa a cuestión, o debate é diante da falla de competencia do goberno galego, da súa permanente inacción, da súa omisión, da súa deserción, é que o debate se centra en que vontade política e que compromiso temos tamén dende a administración municipal a máis próxima ás veciñas/os e neste sentido temos que lamentar que infelizmente o seu goberno parece non ter o suficiente compromiso, vontade política, como ven de demostrar rexeitando cos seus votos a proposta de adicar 33 millóns de euros dos remanentes, non a máis obras senón a atender as necesidades urxentes e reais a nivel social, a nivel económico e produtivo. Ten a oportunidade de rectificar, ten a oportunidade de rectificar porque deste Pleno o único que sae, da intervención demorada do Alcalde é un relatorio do xa feito e unicamente a promesa de máis obras e queremos subliñar isto, a promesa porque o historial de permanente inexecución do capítulo de investimentos dos seus orzamentos dende logo non acredita que poidamos confiar en que os números que poñen no papel vaise traducir nin tan sequera en obras efectivas, en actuacións efectivas e en creación real de emprego.

Nós dende o BNG en positivo, coa man tendida, entendendo que o prioritario é dar resposta a esta situación e o que quere a cidade é que acabemos con este “pin, pan, pun” de sinalar a quen non fai e que nos poñamos a facer, nós que o que lle dicimos é que rectifique e lle trasladamos unha proposta concreta, trasladen a este Pleno, ao vindeiro Pleno unha nova modificación do Orzamento a cargo de

remanentes para reforzar, tanto con liñas de axudas directas ao tecido comercial, a hostalería ou tamén a liña de axudas sociais para fortalecer a resposta sociais da cidade, sabemos que non é a nosa competencia, o que lle temos que dicir hoxe as viguesas/es de que ese é o noso compromiso.

SR. PÉREZ CORREA: Dende logo nós, o noso grupo municipal, non se vai emendar con respecto ao expresado noutros plenos deste tipo que fixemos cunha valoración ou polo menos cun relato e un traslado de información das medidas que estaba tomando o goberno local, pero é que nos cando pedíamos un Pleno para falar esta cuestión e que motivou que nós retiráramos a moción que presentábamos, entre outras cousas porque entre o 25 do mes pasado que se realizara a Xunta de Voceiros e o domingo seguinte, 48 horas despois, o Estado tivo que habilitar un estado de alarma a demanda das comunidades autónomas para intentar recuperar certa parte da normalidade administrativa na loita contra o COVID-19, que o levantamento do estado de Alarma existente previamente eliminara, e que a situación radicalmente é diferente, antes había un estado de alarma no conxunto do estado que permitiu tomar unha serie de medidas, algunhas de carácter económica outras de suspensión tributaria que non temos por desgracia agora mesmo e nós dicimos ademais que a xestión do estado de Alarma e as peticións do estado de Alarma das comunidades autónomas está sendo un grave problema para conter o virus e polo tanto, a situación anterior e a situación que temos agora mesmo son radicalmente diferentes, e hai instrumentos para evitar as consecuencias que temos enriba da nosa sociedade e que temos na nosa cidade, e un deles é un instrumento orzamentario por suposto que si, e o estado, o goberno central fixo o seus deberes presentando unha proposta orzamentaria que algúns partidos terán que explicar como rexeitan, porque se a proposta orzamentaria se rexeita exclusivamente porque este ano non consigamos cartos do AVE non é que deitemos os recursos, eu discrepo profundamente co que propón o Bloque Nacionalista Galego, é que temos outras prioridades porque non poñemos enriba da mesa os máis de mil millóns de euros que haberá en política social, os máis de 600 millóns que van a vir en Lei de dependencia e non é cuestión de deitar tódolos recursos, senón de priorizalos, porque non hai recursos ilimitados en ningunha administración pública e as prioridades teñen que ser absolutas, sería bochornoso

que propuxeramos volver como na época dos anos anteriores 1.000 millóns de euros de AVE que logo se executen o 25% e iso hai que poñelo, eu creo que goberno do Estado fixo os seus deberes propoñendo un proxecto orzamentario e o Concello de Vigo e a Xunta de Galicia terán que facer analogamente o mesmo e non o fan, o Concello de Vigo non sigue a senda do goberno do Estado, non segue a senda do proxecto orzamentario que está agora mesmo en discusión que obviamente é mellorable no período de emendas parciais e non se poñen unha priorización dos recursos públicos para a política de cobertura social, e ese é o debate que deberíamos estar afrontando hoxe, cales son as prioridades orzamentarias que ten o Concello de Vigo, porque non hai recursos ilimitados e obviamente teremos que adaptar a nosa capacidade fiscal e nosa capacidade financeira a determinadas cuestións, a Xunta de Galicia xa sabemos que non o vai a facer, entre outras cousas porque aprobou un Teito de Gasto ridículo, tendo marxe por primeira vez en moitos anos, tendo marxe por primeira vez en moitos anos a incrementar de maneira notable os orzamentos da Xunta de Galicia e ademais polo primeiro ruído que chega seguindo ou pretendendo seguir priorizando o pago da débeda, o pago de cuestións que agora mesmo poden estar perfectamente suspensas pola suspensión das medidas fiscais e os decretos tanto de Europa como do Congreso dos Deputados, polo tanto, xa sabemos da Xunta de Galicia non o vai facer, pero tamén xa sabemos e iso aquí discrepamos profundamente do proxecto orzamentario e que se poña enriba da mesa, eu teño os datos do goberno do Estado, os datos desagregados por cada unha unidade funcional e os datos do goberno do Estado din que se van a trasladar un inxente cantidade de recursos que estaban antigamente consignados por exemplo, a obra pública, a políticas de contención e declaración do escudo social por primeira vez na historia, nunha na historia houbo un traslado tan grande de recursos a políticas de emprego o Ministerio de Traballo vai a ter o seu recurso económico histórico e a Lei de Dependencia vai ter por primeira vez unha inxección que vai superar os niveis orzamentados en máis de 2.354 millóns de euros, discrepo dalgunhas cuestións que poden ser perfectamente matizables no período de emendas parciais, que fai o Concello de Vigo literalmente, o que se nos propón aquí que é debate, que fai o Concello de Vigo contra o coronavirus, é asumir unha competencia que é impropia, sigo pensando que é impropia como é a desinfección

xeneralizada porque algunha política sanitaria terá que poñer enriba a Xunta de Galicia, algunha política sanitaria terá que poñer a Xunta de Galicia como cofinanciamento de determinados servizos de desinfección porque non estamos falando de limpeza senón que estamos a falar de cuestións sanitarias, pretender que como hai un ingreso mínimo vital que vai financiar o estado, nos podemos permitir reducir 800.000 euros en axudas sociais, é certo que queda remanente e que se pode corrixir ao longo da lexislatura cunha modificación orzamentaria, pretender que os investimentos que necesita a cidade son os mesmos investimentos que precisa unha cidade no ano 19 ou 18, e curiosamente este ano no proxecto orzamentario a pesares de que utilizan un remanente para esa partida desaparecen pois se hai remanente para cubrir patios de colexios pois manteñamos o nivel de gasto tamén na proposta orzamentaria que desaparecen 750.000 euros a apenas 50.000, é dicir, corrixir determinadas cuestións que entre a fase I e esta fase cambiaron radicalmente e por suposto cumprir o acordo que este concelleiro tamén expresou que Vigo ten que ter dereito como tódalas grandes cidades a participar de xeito directo nos fondos europeos que van a ser do 73.000 millóns de euros, digo eu que vai haber unha partida importante para os concellos, aquí todo o mundo da por feito que vai a ser o Estado e que a Xunta de Galicia parece ser que ten 103 ou cento e pico proxectos xa orzamentados e os concellos teñen que participar e é o acordo da FEMP participar de xeito directo neses fondos europeos, porque agora mesmo o problema nin sequera é unha cuestión de número de contaxios, senón que o problema é a presión sanitaria que temos, o número de operacións que se aprazaron, as cirurxías que se aprazaron, como queda a atención primaria e iso obviamente lle corresponderá á Xunta de Galicia poñelo enriba de mesa porque si é certo que agora estamos en 369 casos por cada 100.000 habitantes pero que cando o goberno tivo que decretar o estado de Alarma estábamos en 349, o sexa, nós puxemos serios nun índice moito menor do que temos agora, o problema preocupante agora é a presión hospitalaria con número de persoas que ocupan as UCIs e queda por ver que se está a facer e iso sería un dato absolutamente necesario o número de PCRs que se fan no termo municipal de Vigo porque os datos agregados que da a Xunta de Galicia por agora non o poñen. Polo tanto, para nós a cuestión esencial que temos que resolver é analogamente o que se vai poñer no BOE, que se vai poñer no DOGA e que se vai

poñer no Boletín Oficial da Provincia e iso é o que agora mesmo a este grupo municipal lle importa, recursos económicos cuantificables, ademais con realidades, podemos discutir e seguramente que imos a discutir no Congreso dos Deputados que significan eses 260.000 millóns de euros do orzamento do Estado pero están aí e podemos discutir tanxiblemente sobre eses recursos, podemos discutir sobre se Vigo ten un impacto de gasto social alto pero os orzamentos e incluso a liquidación claro hai exercicios nos que non se está executando en determinados concellos partidas como hai, preguntou Marea en A Coruña que se fixo co gasto de renda social municipal e se nos recoñece que nin sequera se están atendendo ás solicitudes, claro se os recursos non se executan pero a media de execución, a media de execución porque é un dato do Ministerio de Facenda, a media de execución de gasto social que se fai sobre o exercicio vencido, coloca a Vigo moi por debaixo dos 100 euros de gasto social que ten A Coruña, que ten incluso as cidades máis pequenas como Lugo ou que teñen cidades como Ferrol e Vigo debería de estar na contorna dos 29 millóns de euros e o ano pasado co nivel de execución estábamos nos 19. esas son as cuestións que para nós deberían resolverse e non a batalla competencial porque nós poñemos aquí enriba da mesa como puxeron historicamente tódolos concellos, que o Concello de Vigo como tódolos concellos teñen que asumir un 40% de gasto que non lle corresponde, e a pesares de que o Partido Popular xoga a dicir, que se lle quiten competencias aos concellos e asumamos a través dunha reforma local por exemplo que os servizos sociais sexan de carácter autonómico exclusivamente, moitas veces ese interese é simplemente para logo a Xunta de Galicia privatizalos e quitarse tamén da súa xestión.

A nós nos gustaría saber como se van a concretar determinados recursos que van chegar doutras administracións, xa sabemos que a Xunta de Galicia de todo o que foi transferido do goberno do Estado non quere empregar ou sabemos aínda en que empregou gran parte dos recursos, incluídos os recursos que se deron durante o estado de Alarma para financiar comedores escolares que aínda non sabemos onde están as execucións deses recursos posiblemente poderemos velo cando teñamos o nivel de execución do ano 2020 e podamos comprobar que non existe seguramente nin sequera unha execución e que iso pasará aos remanentes ou ao superávit doutros exercicios, pero tamén queremos e imos a ter tempo para

discutilo, que o Concello de Vigo asuma unha emenda o seu propio orzamento e entendendo ademais que o Concello de Vigo tamén vai ter que dar traslado a determinados recursos que o goberno de Estado na política orzamentaria vai a propoñer, claro que haberá subvencións ao transporte, claro que haberá un plan de reconstrución que está financiado con recursos europeos que están trasladados ao orzamento do estado e como imos a trasladado aquí, se o recurso de reconstrución vai a ser engordar máis humanizacións e non imos a propoñer ningunha outra política, xa lle digo os números das humanizacións en canto a emprego nesta cidade, non son significativos, non son significativos, non significa moitas veces un maior nivel de investimento en humanizacións que vaise o número de persoas desempregadas que están nas oficinas de emprego, que están dentro do sector servizos ou construción e iso ten pasado en moitas ocasións e creo que é un dato non menor a barallar.

Nós imos a propoñerlles tamén que haxa un consenso, quizais a partida máis importante que se vai a trasladar ao longo deste ano, van a ser os fondos europeos, que se traballe nun consenso de cidade en como podemos implementar eses fondos para que teñan continuidade no desenvolvemento económico da cidade, porque tamén temos moitos risco a que tipos de proxectos se queren propoñer con fondos europeos porque xa temos os precedentes en que se están a gastar os fondos europeos doutro tipo como son os fondos DUSI no conxunto da cidade, e como imos a ter un debate para a semana precisamente sobre as cuestións que teñen que ver con política orzamentaria para o ano 2021, se de verdade o Concello quere volcarse nunha reconstrución económica máis alá de poñer parches que obviamente hai que poñelos no impacto que está tendo esta crise na nosa sociedade, se de verdade hai unha vontade de construír un Vigo para esa reconstrución hai que comezalo a facer xa nos orzamentos do 2021, e dende logo este proxecto orzamentario que vostedes presentan ao que nos presentamos unha emenda á totalidade, é de todo menos un proxecto para facer unha reconstrución da cidade nun ano que vai a ser moi difícil.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Eu escoitei moi atentamente a súa exposición que parecía unha confesión na que realmente a conclusión que saco é que veu aquí a escusarse, veu a aquí a desculpar por que non da axudas ao comercio e á

hostalería, a culpa é do Estatuto de autonomía de Galicia no caso do comercio e no caso da hostalería resulta que xa recibiron vinte e pico millóns de euros en anos pola taxa por privarlle da taxa de ocupación de dominio público, iso foi o que dixo, agora 5.000 millóns. Con respecto ao Estatuto de Autonomía de Galicia fai ben vostede en traelo a cuestión o que é a arquitectura constitucional, porque efectivamente Galicia ocupa unha posición singular, dentro desa arquitectura normativa e ten propia tamén en réxime local, é esa normativa propia en réxime local, de adaptación e de medidas urxentes na Lei de racionalización nos permite poder desenvolver competencias pedindo un informe de duplicidade ou tamén como di o artigo 3 desta mesma lei en caso de emerxencia poder tamén facer implantar competencias que non se entenderían novas, o que pasa é que cando interesa, cando se quere se fai e cando non non se fai. Veu vostede aquí a desculparse porque non hai axudas ao comercio e a hostalería cando xa teñen tódolos grandes concellos de España e os de Galicia, di vostede que a culpa é do Estatuto, penso que non, a culpa é de vostede, vostede non quere adicar recursos a comercio e á hostalería, ven tamén a escusar por que investiu un millón de euros, case un millón de euros nas luces de Vigo, resulta que as viu en Porto de Son. Sr. Alcalde, falarei agora diso pero o certo é que Madrid lle adica 5 millóns de euros e vostedes case 1 millón tendo eles 15 veces máis poboación.

Ven tamén aquí, como un lobo con pel de cordeiro, e soltar algunha vileza como a que fixo co aparcadoiro do Álvaro Cunqueiro, nós lle pedimos que os aparcamentos públicos municipais do Pintor Colmeiro ao carón de POVISA e Jénaro de la Fuente ao carón de Fátima foran tamén gratuítos, e non contestou, Álvaro Cunqueiro Sr. Alcalde, un hospital público ao que lle debemos moito porque é verdade que entre marzo e xuño deste ano, Vigo houbo de enfrontarse a unha estación moi complicada no primeiro confinamento, moi complicada, llo dixemos aquí no Pleno e lle dixemos tamén que era unha situación moi difícil e como grupo municipal entendíamos que tiñamos que sumarnos ás iniciativas que nos entendíamos de cidade e a cidadanía si se comportou da maneira exemplar durante moitos meses e o segue facendo de maneira responsable e sacrificada, como sacrificada é tamén a aptitude do persoal sanitario de emerxencia das forzas e corpos de seguridade a quen honramos hai pouco tempo coa Medalla de Ouro da Cidade e os distinguimos como Vigueses/as Distinguidos, por iso nós aínda que daquela falou vostede das

medidas que adoptou e repasou as que nos xa nos contara naquel Pleno, nós xa dixemos que durante mes e medio o Alcalde estivo desaparecido, a súa ausencia foi clamorosa porque estaba claramente perplexo pola situación e nós no canto de facer unha política destrutiva suplimos esa inacción presentando proposta como esta que lle acabo de dicir dos aparcamentos que caeron en saco roto, a suspensión do pago de impostos que finalmente fixo e tamén ao pago do aparcadoiro da XER moito lle preocupa ao Sr. Alcalde de Vigo falar da indemnización que ten que facer ás concesionarias tanto á XER como á de Vitrasa da que non fala pero a que alude indirectamente con ese fondo de compensación do transporte público, fala moito da compensación ás empresas que segundo vostede perderon cartos pero non da axudas nin para o comercio nin á hostalería que están hoxe a hostalería pechada. Daquela cando nos facíamos esas propostas e colaborabamos dicía vostede que tiñamos a mellor clase política en Vigo de toda España, o recordo ben porque pouco despois pasou da inacción á sobre actuación e anunciou eses famosos presupostos sen limite para política social que tamén parece que ven aquí hoxe a escusar, a dicir que noutras cidades adican máis cartos pero non o executan, mire, Sr. Alcalde, non hai presuposto sen limite en política social porque as axudas son as que son, son as que son, non creou ningunha nova liña de axudas nin modificou as que xa tiña, a diferenza que hai entre ter pandemia en Vigo e non tera en política social é un 1.400.000 euros que foi ás dúas modificacións orzamentarias que trouxo aquí a este Pleno, esa é diferenza, Sr. Alcalde, para vostede a pandemia é un asunto molesto porque non lle permite desenvolver as políticas que quere desenvolver, que as disfrazas como veu a disfrazar agora, resulta que agora o investimento en humanizacións é un investimento necesario para saír da pandemia, o investimento en humanización é ou non necesario por si mesmo, pero non nos pode vender vostedes que se fai un maior esforzo niso pola pandemia, faise un maior esforzo nisto porque hai un goberno que tomou a decisión de eliminar as regras fiscais, co cal como lle dixen no Pleno anterior, non foi a Lei Montoro e os remanentes os temos di vostede non, por un esforzo de aforro, esforzo de aforro que estivo vostede a punto desbotar hai tres meses para entregalo a Madrid, os aforros están aquí e os podemos gastar en políticas de humanizacións, tamén dixen vostedes que ía repartir centos de miles de máscaras faciais, se acorda? De provedores fiables, que lle adiantaba POVISA

unhas cantas, onde están esas mascarillas Sr. Alcalde? Onde están as 300.000 mascarillas que dixo o Concello que ía a ter de provedores fiables? Mire, iso foi unha sobre actuación e esa sobre actuación que ven hoxe aquí a desculpar, exactamente igual que fixo no anterior Pleno no que veu aquí o día anterior a que lle tumbase o Congreso e as Cortes Generales o famoso Real Decreto de convalidación que vostede acordou co seu voto de calidade, tamén veu aquí a exculparse e hoxe ven tamén a dicir que o comercio non pode porque o estatuto llo prohibe e que a política social é a mellor porque outros teñen máis pero non executan, non é verdade, Sr. Alcalde, estamos moi lonxe de ter unha política social como a que se necesita, diferencia entre pandemia e non pandemia son 1.400.00 euros. A esa sobre actuación que seguiu a inacción pronto se sumou, acabamos de velo aquí hoxe, tamén de novo a crítica diaria e inxustificada á administración autonómica, dixo vostede aquí que non ten os datos da cidade de Vigo iso non é verdade, a Consellería de Sanidade lle facilita a vostede os datos da cidade diariamente a tódalas si, faino a tódalas cidades dende que se pechou a cidade, teñen eses datos vostedes, eu lle digo que diga a verdade, Alcalde diga a verdade, ten vostede os datos, ten vostedes os datos, non, ten vostede os datos da cidade, temos, pero se o acaba de dicir se dixo que hai unha semana falou co conselleiro e lle deu os datos e que falar hoxe tamén Sr. Alcalde, acaba de dicilo, Sr. Alcalde, imos a ver, acaba de dicilo e logo temos os datos da área sanitaria que son públicos e se publican por suposto que si, mire, esa crítica que non conduce a nada porque obter o dato ou non telo, vai a facer que vostede relaxe as normas? Ou poña menos medios? Seguro que non, verdade? Seguro que vai a ter que desinfectar igual, que limpar igual, por suposto que si, claro que si por ter os datos da cidade ou non telos vai vostede a relaxar as medidas, imos a dicirlle aos cidadáns que non o fagan, non, terá vostede que seguir implantando medidas que non está facendo agora por exemplo, a do transporte urbano e reforzar as liñas de Vitrasa, agora falaremos diso. A esa primeira inacción e logo sobre actuación digo que se sumou logo a deslealdade porque estando confinando vostede, fixo público o PXOM o borrador do PXOM que di con respecto ao hospital público Álvaro Cunqueiro, di, a posta en funcionamento do novo hospital público, provocou a reordenación integral da área sanitaria de Vigo ó dotala dun hospital público situada na vangarda tecnolóxica, fin da cita do borrador do PXOM, igual por iso

quería vostede sacalo cando estábamos confinados, pero mire o que di e atención primaria, para os datos do padrón de 2018, que son os que manexa o concello, unha media de 1.344 tarxetas por médico de familia, ao que se encadra dentro dunha atención sanitaria como cualifica o borrador do PXOM a atención primaria en Vigo polo número de tarxetas, unha atención sanitaria óptima, estimada polos profesionais sanitarios en menos de 1.500 tarxetas por médico. Sr. Alcalde, eu chámolle a non confrontar, a non ter un discurso en público e outro nos papeis, eu chámolle á responsabilidade e a non confrontar, non podemos ter un Alcalde neste momento, non podemos estar dunha crítica continúa a outras administracións, non pasaron nin catro meses dese confinamento volvermos a estar agora nunha situación de estado de Alarma e non podemos repetir Sr. Alcalde os erros que cometeu entón, non podemos aplicar agora as mesmas receitas que aplicou ata agora, ten que darse conta que a situación mudou e non basta só con poñer enriba da mesa cartos que non gastou e que agora quere gastar que veremos se se gasta en humanizacións hai que facer moito máis, hai que volver a desinfectar, hai que volver claro que si, hai que desinfectar, hai que volver ao momento en que estabamos cando estabamos confinados e volver a traer medidas, ten que deixar de estar instalado no vitimismo, ten que deixar de sinalar a outras administracións, ten que poñer medidas enriba da mesa, porque o que ven require concentrarse nas decisións e obrar con sensatez, foi insensato, e agora contraproducente anunciar o Nadal no mes de agosto aí se mandou unha mensaxe equívoco, mandouse unha mensaxe contradictorio porque pouco despois estaba efectivamente criticando as medidas que se estaban poñendo en marcha para iniciar o curso escolar, e o tempo estaba licitando o mercado de nadal e as atraccións de feira, foi unha responsabilidade que rectificou por iso lle digo que non pode cometer os erros que cometeu ata agora, ten que decatarse que a situación que tiña vostede cando chegou á Alcaldía con maioría absoluta hai un ano e medio, a situación mudou absolutamente e a xente está noutras cousas, ten que executar as súas competencias de maneira decidida, ten que concentrarse niso, ten que ser como lle di a lei tamén a autoridade sanitaria cando lle interesa pero tamén cando non lle interesa e nós presentamos, non estimaron a urxencia, pois unha serie de medidas que lle vou a detallar aquí, a primeira delas, queríamos lembrar.

PRESIDENCIA: Vaia concluíndo.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde eu, con todo o respecto, pensaba que non.

PRESIDENCIA: Leva case 15 minutos.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Pensaba que íamos ser flexibles.

PRESIDENCIA: Por iso, leva case 15 minutos.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Sr. Alcalde xa dicía en que non ía a anunciar ningunha medida aquí, que se deben reforzar o servizo de transporte urbano, cremos que se debe reforzar as liñas, cremos que se debe retomar a desinfección dos espazos públicos, cremos que si se deben adoptar novas medidas en materia de política social con máis importe de cartos, hai que utilizar os recursos municipais, tamén hai que reforzar os servizos municipais, hai que cubrir tódalas prazas vacantes, sr. Alcalde non pode ser, necesitamos máis que nunca, máis que nunca tódolos recursos, tamén os recursos humanos e vostede o único Alcalde de España que ten a todo o persoal municipal en contra, non pode ser, non é momento diso, é momento de baixar a cabeza, ser humildes, negociar e poñer a traballar ao Concello ao 100%, non podemos ser o único Concello de España que teña unha situación de conflito con persoal municipal cando máis se necesita, e por suposto lle insisto, que 10 millóns de euros para comercio e hostalería son moi poucos comparados cos 1.000 millóns de euros que vostedes prometeu. Ten que poñerse en serio a traballar, ten que redactar xa un plan de reestruturación económica como o que prometeu, ten que reforzar os servizos municipais, ten que reforzar a concesionaria de autobuses, ten que reforzar o servizo tal e por suposto tamén temos que evitar as colas que estamos vivindo na Praza do Rei, ten vostedes moitas competencias, ten vostede moito poder porque ten moitos concelleiros e ten vostede moitos recursos, os que nunca tivo ninguén un Alcalde na cidade, tamén por non telos utilizados no momento, o que ten que facer é utilízalos niso e deixar de confrontar e de adoptar medidas.

PRESIDENCIA: Moitas grazas aos tres concelleiros polas súas intervencións.

Primeira cuestión que me chama a atención é que home, nun Pleno sobre COVID-19 debería falar de sanidade tamén, eu falei todo o que puiden da cuestión sanitaria e do que ten que ver, verdade, algúns de vostedes fixeron algunhas mencións esporádicas, algúns nin unha soa e por aí hai que comezar. Vigo necesita que se dupliquen o número de rastreadores que hai nesta cidade, que se dupliquen, hai PCRs que se teñen que facer a persoas directamente afectadas por cercanía que tardan 10 días, seguimentos practicamente inexistentes, tódalas referencias que coñecemos de rastreadores nesta cidade son membros do exercito de España, lentitude e ineficiencia nos rastreadores que é un tema central.

Segunda cuestión importante, en Vigo hai que multiplicar por 4 o número de PCRs, falo da cidade, hai que multiplicalos por 4, tivemos algunha cuestión a este respecto e preocupante e foi que no día de onte, antonte, dato que coñecíamos onte, os niveis de PCRs en Vigo desplomáronse dramaticamente.

Terceiro, o Plan de Ordenación poderá dicir o que queira pero hai que reforzar a atención primaria desta cidade, grave problema en atención primaria, sobre explotación dos profesionais de atención primaria que están sofrendo unha tensión indescribible, xa non digo nada dos que están na atención hospitalaria, polo tanto, a primeira cuestión é reclamar do responsable, dende todo o apoio que lle damos, máis actividade sanitaria de control na cidade de Vigo.

Nós estamos nesta cidade facendo todo, non hai unha soa área e un só sector que non estea sendo atendido no ámbito de Vigo, todo porque sigo a dicir, ningunha soa demanda social está sendo desatendida, ningunha, cun sistema que nos parece máis eficaz, sistema de axudas de emerxencia, que é o que da unha resposta inmediata, e volvo a dicir sen límite orzamentario, respondo disto, ata agora tódalas propostas que fixeron as profesionais, as asistentes sociais de atención dende axudas extraordinarias, todas foron atendidas, non houbo nin un só céntimo de carencia orzamentaria nesta cidade para atender política social e non o vai haber, sucede co sistema ten que ser novo por que? Pois porque agora si que hai un ingreso mínimo vital, por certo, Vigo exemplar o concello de Vigo na tramitación do apoio para o ingreso mínimo vital exemplar en España, e agora hai un gran medida do goberno de España se está atrasando nos pagos, é certo, pero un gran medida que é rematar coa pobreza extrema, isto é moi importante as

políticas sociais agora van a cambiar teremos que estar actuando ademais diso, pero teremos que atarnos casos que se necesiten singularmente e esas son as axudas sociais, déixeme que llo diga con claridade, eu estou actuando na hostalería dez veces máis que a Xunta de Galicia, non estou escudándome no estatuto para non actuar, é que estamos actuando, é que a actuación e as políticas deste Concello para mobilizar a hostalería e comercio non teñen igual en toda España, eh!, claro que ao Partido Popular non lle gusta, claro, como lle vai a gustar se somos un modelo en España de como hai que actuar traendo xente á cidade, claro que estos son uns momentos diferentes e unha situación diferente pero llo volvo repetir, volvo a repetir, preto de 3 millóns de euros en exención de terrazas, pero cando falo disto falo de hai dez días, estou falando de hai dez días coas terrazas de toda a hostalería de Vigo sen límite espacial co único requisito de que respectaran aos viandantes pero adicionalmente tódolos custes no que incorren en época pechada que teñen que ver co Concello, se cancelan, todos se cancelan, pero ademais diso impostos polo tanto, 5 millóns sen contar o gasto da atracción de clientes de toda España, e que lles debo lembrar que nos últimos nadais en Vigo, houbo hostalería que pechou por esgotamento de existencias, isto non precedentes históricos, como se atreve alguén a dicir aquí que nos non apoiamos a hostalería, en que sitio vive o que o di, en Vigo non, en Vigo non vive, non se pasea por Vigo, non ve a acción que estamos facendo traendo xente porque lles lembro e que teño o recoñecemento e o sigo tendo da hostalería de todo Vigo e non é unha cuestión de vangloria persoal, é unha satisfacción ver que estamos a traballando conxuntamente un sector tan sensible, tan importante, na busca e nos mecanismos de traer aquí á xente, por iso non me escudo na competencia ao contrario, a pesar de non tela 5 millóns de euros, pero a que a ten practicamente nada e isto ten que ser denunciado, claro que ten que ser denunciado, non branqueemos actuacións negativas con esta cidade porque non denuncialo é branquealo, e permitir como se non pasara nada é que a desatención da Xunta de Galicia á hostalería desta cidade é grave, e ten que ser denunciado, de forma continua porque recibiu 750 millóns de euros do goberno de España, 750 millóns de euros, onde están? A onde foron? Onde están eses cartos? Se mos deran a min xa estaban repartidos pero claro a competencia, o goberno España ten que darllo á Xunta de Galicia porque o di a arquitectura constitucional de España, e que fai a Xunta de Galicia? Para min é un

misterio, porque non sei onde están, no pequeno e mediano comercio de Vigo non están e na hostalaría de Vigo non está, Onde está? A onde adicaron eses recursos 750 millóns de euros. Debe ser que os grandes economistas do mundo están equivocados porque os grandes economistas do mundo e a Unión Europea están propoñendo un programa de investimentos, debe ser que aquí algún voceiro acerta e os grandes economistas de todo o mundo, premios Nobel de economía, os gobernos de todo o mundo demandan investimentos, pois o sinto moito pero eu estou cos grandes profesionais de economía do mundo cos meus profesores, e seguidores de Keynes en Cambrige cando me doutorei na universidade de Cambrige, tiven o pracer e o privilexio de poder formarme con John Robinson, Nicolás Caldo, co autor do multiplicador keynesiano que foi Kant, e agora todo o mundo está nisto, benvidos, pero investir é xerar emprego, eu veño agora dun acto por iso tiven que separar os dous plenos porque tíñamos un acto en Zona Franca con Citroën, cunha empresa francesa que vai a facer cambios, traccións as catro rodas de vehículos de Citroën, e celebrábase a súa actuación e falaban de 10 empregos, benvidos sexan é marabilloso, pero 10 empregos, calquera obra de Vigo emprega 20, 30, 40 e cando en vez dunha tes 150 multiplicar o número de empregos que xera o investimento pero é a acción elemental, e que eu lles quero lembrar que o gran plan de reconstrución de Europa é investimento eh!, o futuro é investimento, pero ademais disto en Vigo política de atención, política social, ademais disto en Vigo política de atención á hostalería e os que están sufrindo desta forma porque non hai límite, volvo a dicir, o día que calquera membro deste Pleno concelleiro/a coñeza unha demanda social non atendida que veña aquí e o denuncie, unha soa demanda social que alguén diga aquí non hai recursos para pagala, unha soa, e damos miles e miles e miles, xa superamos as 10.000 familias atendidas, 10.000 familias, se alguén coñeza algunha que o diga, nin unha soa demanda social se propón pero eu lle sigo dicindo verdade? Porque é que os sindicatos me pediron obra pública, cuestión que comparto, os tres sindicatos máis maioritarios desta cidade Comisións, UXT e a CIG pedíronme investimentos públicos, falaban de investimento público continuo e permanente e o comparto verdade, porque aínda que me dixeran o contrario eu seguiría facendo investimento público, por que? Porque son conscientes de que hai unha masa de traballadores importantes directa pero un efecto inducido multiplicador utilizar

practicamente multiplicar por tres o efecto inducido a traveso de multiplicadores, por iso, en España, lamento rectificar non se diminúe obra pública, e este goberno menos porque quero lembrar que confío que se aprobe este orzamento pero é o primeiro orzamento que aproba este goberno, é o primeiro orzamento, polo tanto non hai ningunha diminución, non pode habelo porque este goberno é o primeiro que fai, falo do goberno de España, pero ademais por puntualizar con afecto e con respecto, e que é unha parte importante do investimento para ese goberno vai a vir do 72.000 millóns de euros polo tanto, estamos nun proceso no que imos na liña na que están indo as cidades e os países máis desenvolvidos do mundo, claro que hai outras cidades que non invisten nin a metade, nin a terceira parte, déixeme que lle dea algún dato, o nivel de licitación e contratación no Concello de Vigo de obra pública, é máis importante que tódolos demais grandes concellos de Galicia xuntos, estes son datos e iso significa xeración masiva de emprego, eu debo dicirlles que e llo quero repetir unha vez máis, e que lle demos 5 millóns de euros á hostalaría e non conto os apoios en accións festivas ou de diferente ámbito que trouxeron tanta xente a Vigo, iso xa non o conto, e eu non conto as actuacións por suposto no establecemento do Nadal porque polo visto falar do Nadal de Vigo é malo, pero falar do Xacobeo en Galicia é bo porque ó mesmo tempo que eu falaba do Nadal de Vigo, a Xunta de Galicia falaba do Xacobeo de Galicia do ano que ven, iso debe ser bo, pero falar do Nadal en Vigo parece que non é bo, verdade? Porque manter a marca é tan importante, primeiro un fenómeno de ilusión colectiva dunha cidade porque pola rúa imos estar igual, verdade? E que me piden as familias, saben que me preguntan? Cando acendemos as luces, familias de Vigo, claro que o manteño e creo que é moi bo para a cidade verdade, porque tras este Nadal verá outro e outro, nos acreditamos unha marca importante, cantas cidades de España lles gustaría cando falan de luces de Nadal dunha celebración que dura case dous meses, aparecer no New York Times, no Washington Post, e no Gardian, na Republica de Italia, cantas cidades de España consiguen isto gratis? Cantas cidades de España consiguen falar de Nadal e rapidamente veña a imaxe de Vigo á mente? Son intanxible dun valor incalculable, todo o mundo como é natural coñece pero se pode criticar que iniciemos as luces de Nadal e dicir que iniciar o Xacobeo de Santiago iso é moi bo, pois non, eu o que lamento é que a Xunta de Galicia só fale de Xacobeo, é o que lamento, non lle cuestiono en absoluto que o faga pero me

gustaría que falaran e contribuíran ao Nadal de Vigo porque xa é unha festa, xa é unha celebración desa envergadura e eu lle teño que dicir algo verdade? E é que luces Madrid montadas, Barcelona montadas, Sevilla montadas, Valencia montadas, Valladolid montadas, e por certo, Porto do Son e lle esixo respecto para Porto do Son, tamén e alegreime moito cando ouin, non sei quen goberna alí, nin tan sequera sei, dáme igual, lle pido respecto para Porto do Son, para ese municipio, non parece pola súa expresión.

Máis cuestións a partir de aí, para iso dixen que o vin na Volta Ciclista, vin que en Porto do Son tiña as Luces de Nadal montadas e dixen que dilixente o Alcalde, ou Alcaldesa non sei se era Alcalde ou Alcaldesa, pero respecta a Porto do Son, ni tan sequera sei que goberna alí, pero creo que hai que respectar a tódolos concellos verdade?.

Mire, toda a XER da zona de Vigo incluída a zona en tódalas partes foi anulado, polo tanto, todos os aparcamentos que dependían do Concello quedaron libre da Pandemia, os do hospital Álvaro Cunqueiro non, non foi unha boa mostra da actuación por parte da Xunta de Galicia.

Bueno eu quero seguir dicindo que en Vigo non temos datos da cidade, sobre o ámbito sanitario, lamento moito eu non sei onde vive vostede, láméntoo porque isto é de coñecemento común, todo o mundo coñece isto, tódalas cidades de Galicia estamos demandando información, tódolos municipios de Galicia demandan información, todos e me parece que todos temos que ter esa información, creame que non entendo porque a Xunta de Galicia non nos da esa información, onte mesmo a pedín na reunión de tódolos conselleiros de España e co Ministro de Sanidade que participei por primeira vez, pedín información para os concellos, para que? Para ver a forma na que temos estar vixilantes, e para dicir algo se as cousas van ben ou mal, para que a cidadanía o coñeza, co seu esforzo, coa súa carencia de esforzo producen mellor pero claro, é que o mecanismo de para que usa a información é que a información é obrigada, é a transparencia pública e política; como podemos dicir que para que queremos a información? eu quero información por barrios se é posible, debo dicirllo que unha vez a tiveren, e a prensa me preguntou e non lla din, o conselleiro me dixo de tal forma temos un problema, e mandamos vixilancia a esa zona e gardei a reserva porque creo que é unha información que non convén que se coñeza, pero si teño que actuar porque nós

temos que saber en que zonas da cidade por exemplo, hai máis nivel de contaxios porque hai unha parte que teremos que vixiar máis, eu quero información para usala na cooperación, eu non quero información para ir contra ninguén e polo tanto, creo que a debe que facer é máis o conselleiro sabe que o debe facer, pero me sorprende que o voceiro do Partido Popular ignore que ningún concello de Galicia ten información, ademais o proclame con vehemencia porque todo o mundo se pode equivocar pero claro cando tódolos que estamos aquí lle dicimos ao voceiro do Grupo Popular que está equivocado, home, pode recoñecer que se equivocou, non, segue insistindo, isto é unha forma de facer política, se en cuestións tan obvias como isto non acerta e non coñece, imaxínese vostedes o que pode ser en cuestións que non sexan tan obvias, é un mecanismo de acción política verdade, por iso claro que hai política social, claro que hai, sen límite, eu lamento que teña que dicir que cando eu cheguei por exemplo, había listas de espera en becas de comedor, algo tan importante como os rapaces/as que non teñen recursos na súa casa para pagar a beca, pois había 200 persoas en lista de espera, e as aumentamos e sen límite e quero dicir que miren, tampouco confronto neste tema verdade, que avalo previamente todo o que diga a Xunta de Galicia sobre saúde, todo. Vostede non me escoito a min nin unha soa crítica á política sanitaria, ningunha porque creo que aquí temos que estar todos lanzando precaución, prudencia, pero que a cidadanía vexa que nun momento tan serio e tan grave, imos xuntos, temos outras discrepancias claro, como non vou a ter discrepancia se a Xunta de Galicia recibe 23 millóns de euros de España e a Vigo non chega nin un céntimo, eu cando llo dixen ao vicepresidente responsable desta área, Sr. Iglesias, axeno á miña formación política, verdade? Non daba crédito, non daba crédito que en Galicia non houbera repartido a Xunta de Galicia nin un céntimo deses recursos e estamos desinfectando de forma permanente.

Eu téñolles que dicir que nós imos a seguir nesta liña de atención total en tódolos ámbitos da cidade pero sobre todo quero rematar dirixíndome á cidadanía e recomendando moita prudencia, seguramente estamos sendo capaces de dobregar o pulso ao coronavirus, seguramente a curva se está a dobregar, significa que estamos menos mal que antes, pero nos queda un longo camiño e nos queda moita vixilancia, onte escoitaba nesta reunión dicir ao Ministro de Sanidade que moita precaución nas accións nas reunións, moita prudencia porque o coronavirus é

enormemente contaxioso, acabamos de ter unha moi boa noticia, o feito e o coñecemento de que unha vacina pode estar dispoñible no primeiro mes do próximo ano, imos a dicir pode estar dispoñible, eu mesmo estiven aquí en Zenda vendo as súas propias posibilidades de aglutinamento porque é mais que embase, van a coller os produtos e crear a vacina cunha tecnoloxía que vende Cambridge, por certo, e vendo a propia capacidade que hai neste momento e onte o Ministro de Sanidade fixo un resumen confidencial do estado de as sete vacinas máis importante coas que España coa Unión Europea, polo tanto, España ten contratos ou precontratos, e eu entendo que a acción con respecto a vacina por parte do goberno de España é secundado polos diferentes conselleiros de saúde de España, está sendo harmoniosa nesta dirección, imos a ter nalgún momento que tomar a decisión de cales son as prioridades para as primeiras vacinacións, eu lle pedín ao Consello Interterritorial de Sanidade que fora por unanimidade, que o mellor que podemos facer é saír dicíndolle a toda a cidadanía española, 47 millóns de persoas e polo tanto, aos 300.000 vigueses/as que temos un mecanismo pactado e acordado para a implementación e establecemento das primeiras vacinas.

Con isto rematamos o Pleno e lle agradezo aos intervenientes as súas intervencións, ao resto das concelleiras/os a súa presenza, e lle debo dicir que a miña seguinte reunión agora vai a ser co conselleiro de Sanidade ao que lle volverei a reclamar os datos da cidade Vigo, pero en todo caso eu lle agradezo a este concelleiro que por primeira vez haxa reunido alcaldes/as da zona de Vigo, polo menos para establecer un diálogo en manter un principio de algo que debería cambiar substancialmente porque necesitamos información e deberían dárnola. Moitas gracias.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.